

ESCOLAR



- Fomentamos a autonomía e a responsabilidade das nenas e nenos
- Evitamos concentracións de automóviles ás portas dos coles
- Os pais, nais ou titores poden organizar mellor o seu tempo e aumentar a confianza nos seus fillos e fillas
- Promóvese a cidade como espazo de aprendizaxe para unha convivencia segura coa colaboración de todas e todos

Como van ao cole?

- Camiñando, sós ou en compañía. Poden quedar antes, ou verse pola rúa
- Deben seguir un itinerario concreto, que será indicado polos pais, nais ou titores

A colaboración de cafeterías, comercios, empresas, etc.

As persoas que traballan nos establecementos da rúa poden axudar a algún rapaz ou rapaza que teña algún problema. Calmando a situación, e, se o ve necesario, avisando ao cole, á casa, ou á Policía. Os locais terán no exterior un adhesivo coas palabras “**aquí axuda**”.

Os teléfonos máis habituais son estes:

- Colexio Álvarez Limeses **986 851 780**
- Colexio Calasancio **986 850 941**
- Colexio Sagrado Corazón **986 856 350**
- Policía Local **092**
- Policía Nacional **091**
- Urgencias sanitarias **062**

Unha rede de seguridade

Tamén haberá persoas voluntarias en cruces ou zonas que puidesen supoñer un mínimo risco, durante as horas de entrada e saída do cole, para axudar. Pode solicitar información sobre voluntariado no tlf. 986 840 367 ou en www.pontevedra.eu/movete.

Pontevedra é xa unha cidade ben segura. Queremos melloralala aínda máis, e facela máis cómoda para todas e todos. Por iso organizamos un sistema para aumentar a seguridade no acceso aos colexios.

Camiño Escolar é unha iniciativa do Concello de Pontevedra, deseñada en colaboración co Centro Nacional de Educación Ambiental (Ceneam) do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño.



PONTEVEDRA
MOBILIDADE



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

ONINW